

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 30/01/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista non asistentes

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 30/01/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 23 de decembro de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2024.

3. Toma de posesión do cargo de concelleiro por parte de D. José María González Araujo.

4. Toma de coñecemento das modificacións na representación en órganos colexiados do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar a Renfe e ADIF a aumentar a seguridade na estación de ferrocarril de Vilagarcía

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia para a construción dunha Estación Intermodal en Vilagarcía de Arousa e o incremento de liñas de transporte público na Comarca.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre a xestión do superavit presupostario do ano 2024

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG de rexeitamento ao “novo” proxecto de reapertura da explotación mineira de Cobre San Rafael SL nos Concellos de Touro e O Pino

10. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

11. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

12. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

13. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

14. Rogos e preguntas formuladas oralmente na sesión, polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Manuel Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 23 DE DECEMBRO DE 2024.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 23 de decembro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2024: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 1 Autorización publicidade en taxi
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde de obras
- 1 Adxudicación limpeza baños praias
- 1 Cotas de amortización extraordinarias de operacións de crédito
- 1 Prórroga Orzamento 2024
- 3 Expediente de transferencia de crédito
- 4 Expediente de modificación de crédito
- 1 Recoñecemento de obriga factura
- 1 Licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Baxia por caducidade inscrición animais potencialmente perigosos
- 4 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 15 Primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico
- 5 Arquivo expediente sancionador de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente tráfico
- 1 Envío vehículo abandonado a centro autorizado de recepción e descontaminación de vehículos
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Corrección erro bolsas operarios
- 1 Declaración de excedencia voluntaria profesora CMUS
- 1 Lista definitiva, tribunal e data exame bolsas operarios
- 2 Nomeamento funcionarios/as interinos/as
- 1 Prórroga comisión de servizos Policía
- 1 Conformidade continuidade comisión de servizos
- 1 Delegación firma Secretaria Accidental
- 3 Substitución posto de categoría superior
- 2 Pagamento plan de pensións
- 2 Pagamento vacacións non disfrutadas por incapacidade temporal
- 1 Permuta prazas Policía Local
- 3 Personamento recurso contencioso administrativo
- 2 Aprobación pregos
- 1 Estimatoria prorrateo no IAE
- 3 Estimatoria de recibos
- 1 Estimatoria IVTM
- 7 Estimatoria liquidacións e baixas
- 25 Estimatoria/deseestimatoria taxas e prezos públicos
- 4 Estimatoria compensación de débedas
- 22 Estimatoria/deseestimatoria pagos duplicados
- 4 Estimatoria Rateo no IVTM
- 3 Estimatoria IIVTNU
- 64 Estimatoria/deseestimatoria beneficios fiscais no IVTM
- 3 Estimatoria IBI
- 12 Comisións Bancarias
- 3 Resolución Préstamo bancario
- 76 Orde de pago

20 Deber de conservación
1 Orde limpeza maleza
1 Sancionador actividades
12 Reposición da legalidade urbanística
16 Comunicación previa obras menores
3 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
18 Licenza de obras menores
1 Licenza de segregación
16 Licenza de obras maiores
1 Arquivo expediente solicitude licenza de obra maior
3 Prórroga para inicio de obras licenza de obra maior
3 Conformidade proxecto de execución obra maior
2 Comunicación previa apertura de establecemento
14 Arquivo comunicación previa inicio de actividade comercial
1 Comunicación cambio de titularidade licenza de apertura
1 Dacion conta Estudo de Detalle
1 Aprobación inicial Estudo de Detalle
1 Inadmisión recurso de reposición
TOTAL: 407

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO POR PARTE DE D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAUJO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Jose María González Araújo por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE ás eleccións Locais de 28 de maio de 2023, en substitución e por renuncia de D. Lino Mouriño Santiago e previa renuncia anticipada de Dona Alba Briones Gamarra.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. González Araújo xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución.

Procédese a chamar ao Sr. González Araujo para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo a seguinte expresión:

PROMETO pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO do Concello de Vilagarcía de Arousa con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=3>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS MODIFICACIÓNS NA REPRESENTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 27 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da presentación polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de escrito comunicando a modificación dos representantes do citado grupo nos seguintes órganos:

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN, voceira do Grupo Político Municipal do PSdeG-PSOE, comunica que D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO, con DNI nº 35437368A, tras a súa toma de posesión como Concelleiro, pasará a formar parte do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e substituirá a D. LINO MOURIÑO SANTIAGO, nos seguintes órganos colexiados:

- Consello Escolar do CEIP Arealonga.
- Consello Local de Consumo.
- Consello Veciñal.
- Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas.
- Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade.
- Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade.
- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Xuventude e Promoción Económica.

Por outra parte indicar, que na Mancomunidade do Salnés D. LINO MOURIÑO SANTIAGO será substituído por D. ALVARO CAROU GARCÍA.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=4>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR A RENFE E ADIF A AUMENTAR A SEGURIDADE NA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE VILAGARCÍA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de xaneiro de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Instar a Renfe e a Adif a aumentar a seguridade na estación de ferrocarril de Vilagarcía”

EXPOÑEN

A estación de Ferrocarril de Vilagarcía é un dos servizos máis importantes cos que conta o noso concello. Cada día, centos de vilagarcíans e veciños dos concellos próximos, empregan a estación para desprazarse por estudos ou por traballo a outras vila e, do mesmo sentido, grazas á nosa estación de ferrocarril tamén recibimos a aqueles veciños doutros concellos que traballan ou que estudan en Vilagarcía.

A estación é unha das vías de acceso principais para aqueles turistas que queren coñecer a nosa vila, ou a nosa comarca, xa que Vilagarcía é unha das portas de acceso á comarca do Salnés.

Pola importancia que a estación ten para os nosos veciños e para os nosos visitantes, é vital que Vilagarcía conte cos mellores servizos e a mellor atención posible.

Nos últimos anos, detéctase unha eiva en canto á seguridade na estación de ferrocarril. Os medios de comunicación e o propio sindicato dos traballadores da estación dan fe desta situación e sinalan determinados episodios de violencia contra os empregados da estación.

O motivo desta falta de seguridade é pola falta de persoal de vixilancia en determinadas horas do día. Por iso, dende o grupo municipal do Partido Popular presentamos esta moción, buscando o apoio da corporación municipal, para reclamar que Renfe e Adif garantan a presenza de persoal de seguridade durante todo o tempo que estean abertas as instalacións.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

- Que o goberno local inste a Adif e a Renfe para ampliar o horario do persoal de seguridade durante todo o tempo que estea aberta a estación de ferrocarril de Vilagarcía.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar a Renfe e ADIF a aumentar a seguridade na estación de ferrocarril de Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a Moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e instar a Adif e a Renfe para ampliar o horario do persoal de seguridade durante todo o tempo que estea aberta a estación de ferrocarril de Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTACIÓN INTERMODAL EN VILAGARCÍA DE AROUSA E O INCREMENTO DE LIÑAS DE TRANSPORTE PÚBLICO NA COMARCA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE coa data de 22 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESTACIÓN INTERMODAL EN VILAGARCÍA DE AROUSA E O INCREMENTO DE LIÑAS DE TRANSPORTE PÚBLICO NA COMARCA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilagarcía de Arousa é un dos principais núcleos urbanos da provincia de Pontevedra, cunha ubicación estratéxica na comarca do Salnés. A súa conexión coas principais infraestruturas de transporte, como a estación de ferrocarril e a estación de autobuses, xoga un papel fundamental para o desenvolvemento económico e social da nosa vila e da comarca.

A actual infraestrutura de transporte comarcal presenta importantes carencias en canto á integración e conectividade entre os diferentes medios de transporte, o que dificulta a mobilidade dos veciños e veciñas, así como das persoas usuarias do transporte público. A creación dunha Estación Intermodal permitiría avanzar neste sentido, favorecendo a mobilidade sostible e eficientemente organizada.

Ademais, é necesario destacar a importancia de incrementar as liñas de autobuses que conectan Vilagarcía de Arousa co resto da comarca, facilitando a intermodalidade, favorecendo a tamén a conexión por tren. A mellora nas comunicacións entre os diferentes municipios permitiría unha maior accesibilidade, mellorar a calidade de vida e favorecer o desenvolvemento económico da zona.

Por todo iso, solicítase ó Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa que adopte o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a que realice os trámites necesarios para a construción dunha Estación Intermodal en Vilagarcía de Arousa e a dotación de partida orzamentaria.
2. Instar á Xunta de Galicia a aumentar o número de liñas de transporte de autobuses que conecten Vilagarcía de Arousa coa comarca, co fin de mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas e favorecer o desenvolvemento económico e social da zona.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE instando á Xunta de Galicia para a construción dunha Estación Intermodal en Vilagarcía de Arousa e o incremento de liñas de transporte público na Comarca.

Polo grupo político municipal do PP presentase a seguinte EMENDA para que se modifique o acordo da seguinte maneira:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vilagarcía a que realicen os trámites necesarios que permitan a construción dun intercambiador intermodal no municipio, e que consensúen o futuro uso da actual estación de autobuses.

2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vilagarcía a reunirse para tratar de forma conxunta a posibilidade de aumentar o número de liñas de transporte de autobuses que conecten Vilagarcía de Arousa coa comarca, co fin de mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas e favorecer o desenvolvemento económico e social da zona.

Polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE aceptase a emenda, modificando a redacción do punto 2 do seguinte xeito:

2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vilagarcía a reunirse, contando co resto de Concellos da Comarca do Salnés, para tratar de forma conxunta a posibilidade de aumentar o número de liñas de transporte de autobuses que conecten Vilagarcía de Arousa coa comarca, co fin de mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas e favorecer o desenvolvemento económico e social da zona.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda do grupo político municipal do PP modificada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vilagarcía a que realicen os trámites necesarios que permitan a construción dun intercambiador intermodal no municipio, e que consensúen o futuro uso da actual estación de autobuses.

2.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Vilagarcía a reunirse, contando co resto de Concellos da Comarca do Salnés, para tratar de forma conxunta a posibilidade de aumentar o número de liñas de transporte de autobuses que conecten Vilagarcía de Arousa coa comarca, co fin de mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas e favorecer o desenvolvemento económico e social da zona.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE A XESTIÓN DO SUPERAVIT PRESUPOSTARIO DO ANO 2024.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, de data 27 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 22 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 30 de xaneiro

de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Moción sobre a xestión do superavit presupuestario do ano 2024”

EXPOÑEN

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o atraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiamento autonómico para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para o ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

- Que o goberno de Vilagarcía inste ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre a xestión do superavit presupostario do ano 2024.

- Dáse conta da seguinte emenda presentada polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE:
Instar aos Grupos Parlamentarios a que se aprobe o teito de gasto e senda de estabilidade plurianual na liña definida polo Goberno de Estado e rexeitada no Senado.

- Polo grupo político municipal do PP non se acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezoito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (8) e EU (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do BNG,

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción do grupo político municipal do PP e:

- instar ao Goberno de España a que aprobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a

amortización de débeda.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG DE REXEITAMENTO AO "NOVO" PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE COBRE SAN RAFAEL SL NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 27 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 23 de xaneiro de 2025, do seguinte teor:

MOCIÓN DE REXEITAMENTO AO “NOVO” PROXECTO DE REAPERTURA DA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE COBRE SAN RAFAEL S.L NOS CONCELLOS DE TOURO E O PINO

Don Francisco Xabier Rodríguez Paz, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

O pasado 22 de novembro saíu novamente a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e O Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. Examinados os documentos presentados pola empresa peticionaria, proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental, conclúese que o proxecto mineiro é esencialmente o mesmo que o presentado en agosto de 2017.

A extensión afectada é de 812,21 Has, incluso superior ás 689 has do ano 2017 debido a que inclúe o antigo depósito de estériles. A forma de extracción é idéntica, con minería a ceo aberto, co mesmo método de separación do cobre, nas mesmas cortas que no proxecto do 2017, mesma cantidade de material a remover, 267 millóns de toneladas, e mineral de cobre a extraer, 102,7 Mt durante os mesmos anos, (14 anos) co mesmo ritmo de produción e as mesmas toneladas de Cobre, 420.924 t de metal.

Tampouco cambia a cantidade e xestión de refugалlos xerados. Construción do depósito de estériles de Arinteiro (mesma construción, tamaño e cantidade de estériles) e do recheo das cortas de Arinteiro e Vieiro, así como as entulleiras de material PAG e NAG.

É dicir, todas as afeccións denunciadas no seu momento cando se presentou o anterior proxecto mantéñense neste. Impactos ambientais que fan imposible a compatibilización da actividade co mínimo respecto medioambiental: Eliminación de mananciais de captación de auga para consumo doméstico, afectación ás augas subterráneas e superficiais, aos ríos e ao propio Ulla, construción dun enorme depósito de residuos altamente contaminante fronte ao núcleo de Arinteiro, impacto paisaxístico con entulleiras a unha altitude moi superior á actual do terreo,etc.

Impactos económicos. Unha actividade mineira desta envergadura elimina explotacións gandeiras ao desaparecerlle a súa base territorial, reduce a produción hortícola e frutícola, é un freo a moitos proxectos de investimento que se están levando a cabo no sector agrogandeiro e é unha hipoteca para calquera desenvolvemento das actividades de transformación relacionadas con este sector.

A minería prevista non vai crear ningún tecido produtivo na zona, tan só unha pequena xeración de postos de traballo temporais e de baixa cualificación que en absoluto compensan, nin de lonxe, todo o dano que, ese si, será para sempre. É un tipo de minería propia do século XIX consistente en extraer un recurso e exportalo de forma bruta sen ningunha transformación que xere maior valor engadido na comarca.

En definitiva, estamos ante exactamente o mesmo proxecto que o anterior, soamente con uns retoques “cosméticos” como un parque solar fotovoltaico, que en nada cambian o modelo de

minería.

O proxecto do ano 2017 xa foi obxecto de estudo de impacto ambiental e rexeitado por ter unha declaración de impacto ambiental (DIA) negativa en febreiro de 2020, debido a afección que causaría esta actividade mineira sobre os cursos fluviais e as augas subterráneas, así como a inexistencia de medidas que garantan que, en determinadas situacións de risco, non se producira unha afección aos valores naturais na ZEC "sistema fluvial Ulla-Deza.

Todas estas afeccións mantéñense exactamente igual no presente proxecto polo que consideramos unha fraude voltar a tramitar un proxecto que é idéntico ao que tivo unha DIA desfavorable e xa foi denegado por resolución da Consellería de Economía, Empresa e Innovación de 24/ 02/2021 por ter unha DIA negativa

Por todo o exposto solicítase ao pleno da corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. O pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa manifesta a súa oposición ao proxecto de apertura da explotación mineira tanto polas súas graves afeccións ambientais como pola hipoteca que suporía no desenvolvemento económico do concello.
2. O concello solicitará ao órgano ambiental a inadmisión da solicitude do promotor en base ao que se recolle no art. 39 da Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental que di, no seu punto 4, o seguinte:
4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunha das seguintes razóns: c) Se xa inadmitise ou xa ditase unha declaración de impacto ambiental desfavorable nun proxecto sustantivamente análogo ao presentado.
3. Sen prexuízo de todo o anterior, o concello de Vilagarcía de Arousa presentará alegacións ao actual proxecto solicitando a súa denegación e personándose como parte interesada e prexudicada por este proxecto.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE e PP din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG de rexeitamento ao "novo" proxecto de reapertura da explotación mineira de Cobre San Rafael SL nos Concellos de Touro e O Pino.

Polo Sr. Fajardo Recouso solicítase se lle remitan as alegacións presentadas no seu día polo Concello en relación con este tema..

A Sra. García Sanmartín responde que llas enviará ao día seguinte.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP,

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. O pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa manifesta a súa oposición ao proxecto de apertura da explotación mineira tanto polas súas graves afeccións ambientais como pola hipoteca que suporía no desenvolvemento económico do concello.
2. O concello solicitará ao órgano ambiental a inadmisión da solicitude do promotor en base ao que se recolle no art. 39 da Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental que di, no seu punto 4, o seguinte:
4. No prazo de vinte días hábiles desde a recepción da solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria o órgano ambiental poderá resolver a súa inadmisión por algunha

das seguintes razóns: c) Se xa inadmitise ou xa ditase unha declaración de impacto ambiental desfavorable nun proxecto sustantivamente análogo ao presentado.

3. Sen prexuízo de todo a anterior, o concello de Vilagarcía de Arousa presentará alegacións ao actual proxecto solicitando a súa denegación e personándose como parte interesada e prexudicada por este proxecto.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Dáse conta do escrito presentado o día 23 de xaneiro de 2025, por Dona Ana Mª Granja Guillán, voceira do grupo político municipal do PP, no que ao abeiro do establecido no artigo 22 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa, formulan, para a súa inclusión na Orde do día e resposta no Pleno Ordinario de 30 de xaneiro de 2025, as preguntas seguintes:

1. ¿Por que leva pechado o patio de xogo da escola infantil dende Marzo de 2024? No caso de que exista algún problema. ¿Que medidas tomou o goberno local para solucionalo?
2. ¿Cantos usuarios tivo o servizo de alugueiro de bicicletas Vaibike no ano 2024? ¿Cales foron os ingresos recibidos e canto nos custa o servizo, incluíndo os custos de mantemento?
3. ¿En qué consiste o proxecto íntegro de rehabilitación do circuito de radio control de Trabanca

Badiña? ¿Poderíamos acceder a el? ¿Onde podemos consultalo?

4. ¿Cal é o estado do proxecto de rehabilitación da Casa Jaureguizar? ¿Cando está previsto iniciar as obras? ¿Cando foi a última comunicación do Concello de Vilagarcía ca Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia en relación ao expediente da Casa Jaureguizar e cal foi o contido de dita comunicación?

5. ¿Puxo o Concello algún terreo a disposición da Xunta de Galicia para construír vivenda pública? ¿Qué terreos?

6. Os proxectos desenvolvidos cos fondos europeos EDUSI inclúense en diferentes códigos de operacións, por exemplo FCL01GA1801, FCL01GA 1802, etc... No caso da Rúa Arzobispo Lago, no pliego de contratación indicábase o seguinte programa de financiación “Creación de un parque Metropolitano de Unión Mar-Montaña (Urbano-Rural)”.

¿En que código/epígrafe de operación se inclúe o proxecto de Arzobispo Lago? ¿Cal foi importe validado desta obra?

7. Continuando cos fondos europeos “EDUSI”. ¿Que obras executadas, xustificadas e validadas se incluíron dentro dos códigos de operacións FCL01GA1808 e FCL01GA1813?

- Por parte das Concelleiras de Servizos Sociais e Urbanismo, repondense as preguntas presentadas por escrito pola voceira do grupo político municipal do PP transcritas anteriormente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse oralmente rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte dunha persoa que asiste como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250130&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:30, levántouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.